


# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO 2023-2027

## CEIP das Fontiñas Curso 2023-2024



**Aprobado en Claustro de Profesorado o 23/01/2024.**

**Aprobado en Consello Escolar o 23/01/2024.**

## **ÍNDICE**

**1. INTRODUCCIÓN**

**2. MARCO LEGAL**

**3. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR**

**4. LINGUA PREDOMINANTE DA CONTORNA**

**5. LINGUAS NAS QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE  
EDUCACIÓN PRIMARIA**

**6. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO**

**7. OBXECTIVOS XERAIS**

**8. LIÑAS DE ACTUACIÓN**

**9. CRITERIOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO  
PROXECTO**

## 1. INTRODUCCIÓN

O presente documento pretende avanzar as liñas de traballo que seguirá o CEIP das Fontiñas no que fai referencia ao progresivo asentamento e afianzamento da lingua galega como un instrumento de cultura de uso habitual, que permita o normal desenvolvemento do labor docente e que conte cun espazo propio e definido dentro do Centro e da comunidade escolar que o nutre e alimenta.

Neste sentido, ten como finalidade constituír un programa de acción e avance na procura dunha dinamización efectiva e real do uso da lingua galega no ámbito da comunidade educativa do Centro e, ao mesmo tempo, ser un foco de reflexión acerca das circunstancias, variables e condicionantes que inflúen neste proceso.

Lonxe de focalizar a atención na situación global do galego no país no que atinxe ao seu status e á súa saúde, ou ben de lembrar o longo e proceloso proceso de produción e asentamento da lexislación lingüística con que hoxe conta, este Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) vai centrar o interese no ámbito interno efectuando un diagnóstico rápido e por forza superficial, da situación que ten o idioma galego actualmente no centro, para tratar de identificar os elementos que aínda obstaculizan ou dificultan o proceso de normalización e dinamización da lingua galega, así como intentar implantar medidas e deseñar actividades que faciliten a desaparición progresiva destes e que procuren un aumento da participación do alumnado e do resto da comunidade educativa.

Este PLC pretende abarcar, a través dos diferentes puntos nos que se estrutura, unha serie de aspectos fundamentais como son:

- A realización dunha análise sistémica sobre a situación, desde unha perspectiva ambiental e de uso nas actividades lectivas e administrativas, da lingua galega no centro.
- A oferta e desenvolvemento dunha serie de actividades lectivas nas que se empregue o galego, en cumprimento do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

- A definición de estratexias e medidas de reforzo e de apoio, tanto ao profesorado como ao alumnado, para que poidan desenvolver as actividades lectivas en lingua galega. Inclúense neste epígrafe estratexias de apoio ao alumnado recentemente chegado a Galicia.
- A proposta de actividades de dinamización lingüística para o presente curso escolar a desenvolver no centro.

## 2. MARCO LEGAL

A **Constitución española de 1978**, establece que o castelán é a lingua oficial do Estado e as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección (artigo 3, puntos 1 e 2).

O **Estatuto de autonomía de Galicia de 1981**, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Ademais, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento (artigo 5). Esta mesma norma sinala a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma para a promoción e a ensinanza da lingua galega (artigo 27.10).

A **Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística**, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. Recolle, ademais, que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais (artigo 14).

Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncian a **Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992**, ratificada polo goberno do Estado español en 2001, e o **Plan xeral de normalización da lingua galega**, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004.

O Proxecto Lingüístico do CEIP das Fontiñas oríentase á consecución dos obxectivos que marca a lexislación vixente, concretamente na **Lei 3/83 do 15 de xuño de Normalización Lingüística** desenvolta actualmente no **Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilin-**

**güismo no ensino non universitario de Galicia**; así como pola **Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010**, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

No artigo 3 do citado Decreto indícase, ao referirse aos centros de ensino sostidos con fondos públicos como administración educativa, que empregarase con carácter xeral, a lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito, aclarando diferentes usos e situacións:

- Nas relación mutuas e internas (con outras administracións ou entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente).
- Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes (convocatorias, actas, anuncios...) usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras administracións ou órganos de fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán.
- Tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, axustándose á propia normativa de tramitación.
- Respecto das programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

Seguindo as indicacións recollidas no artigo 14 do citado Decreto 79/2010, elaborase, dentro do Proxecto Educativo, este Proxecto Lingüístico de Centro (PLC), que foi redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), para a súa valoración e aprobación, e posterior remisión á Inspección educativa. Nesta composición ten especial relevancia a persoa coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Este proxecto ten unha vixencia de catro cursos, e cada curso realizarase unha concreción anual deste.

Deste modo, será preciso ter en conta a normativa básica, como son a actual **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a redacción da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación** e os actuais currículos das ensinanzas que se imparten no CEIP das Fontiñas, en concreto o **Decreto 150/2022, do 8 de setembro polo que se establece o currículo de Educación Infantil na CA de Galicia** e o **Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na CA de Galicia**, normativa na que tamén se recolle o recoñecemento da lingua galega e o seu emprego no ensino.

Polo tanto, este PLC conterá os puntos legalmente establecidos no Decreto 79/2010 que se desenvolven no seguinte epígrafe.

### 3. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR

Tal e como indica o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, e concretamente para as etapas que se imparten neste centro establécese:

- Para a **Educación Infantil** (artigo 5): o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, aínda que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento doutra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo. As actividades e estratexias de aprendizaxe a empregar para que o alumnado adquira o coñecemento das dúas linguas oficiais, especificanse nas programacións correspondentes a esta etapa.

No CEIP das Fontiñas a lingua materna predominante, no momento da elaboración do proxecto (curso 2023-2024), é o castelán, determinada polo centro de acordo co resultado dunha pregunta efectuada aos pais/nais, titores/as ou representantes legais do alumnado antes do comezo de curso tal e como indica a normativa. Asemade, atenderase de xeito individualizado ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna. Nestes datos hai que considerar que este curso e todos os cursos estase a incorporar continuamente alumnado procedente do estranxeiro, que no mellor dos casos coñece unicamente a lingua castelá, e moitas veces descoñece as dúas linguas oficiais.

Os resultados da enquisa son os seguintes:

✓ Castelán: 56,25%	✓ Galego: 43,75%
-----------------------	---------------------

- Para a **Educación Primaria** (artigo 6): garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia e impartiranse en galego as materias de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais e en castelán a materia de Matemáticas.

Do mesmo xeito, no centro garántese que as materias en galego e en castelán se distribúan na mesma porcentaxe de horas semanais, quedando impartidas as materias da seguinte forma:

EN LINGUA GALEGA	EN LINGUA CASTELÁ
Lingua Galega e Literatura.	Lingua Castelá e Literatura
Ciencias Sociais.	Matemáticas
Ciencias da Natureza.	
EN LINGUA GALEGA/CASTELÁ CONSEGUINDO O EQUILIBRIO ENTRE AS DÚAS LINGUAS	
Educación Física.	
Educación Plástica e visual*	
Música e danza	
Relixión /Proxecto competencial	
Educación en Valores Cívicos e Éticos (6º EP)	
EN LINGUA INGLESA	
Lingua Estranxeira (Inglés)	
<b><u>OBSERVACIÓNS:</u></b>	
* A materia de <b><i>Educación Plástica e Visual</i></b> , nos cursos de 5º e 6º de EP (os dous grupos de cada nivel), impártese en <i>lingua inglesa</i> como unha <b>Sección Bilingüe</b> .	

#### 4. LINGUA PREDOMINANTE DA CONTORNA

A contorna é a suma de todos os elementos básicos que inflúen no proceso educativo. Son catro os índices relevantes para ter unha diagnose e un coñecemento da realidade sociolingüística do centro, ou sexa, da súa contorna:

##### A) CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

A zona na que se atopa o CEIP das Fontiñas é de ámbito urbano abarcando alumnado de todo o barrio de Fontiñas, que é a súa zona de influencia, aínda que asiste alumnado doutras zonas, como Milladoiro, Conxo, Sar, San Lázaro... O número de alumnado matriculado no presente curso é de 408, distribuídos en 6 unidades de Educación Infantil (102) e 14 de Educación Primaria (306), sendo o número total de profesorado 36.

Para a determinación da situación sociolingüística do noso centro analizamos os seguintes criterios:

- Datos aportados polo profesorado mediante as entrevistas persoais con pais/nais, titores/as ou representantes legais do alumnado.
- Observación do alumnado, tanto nas aulas coma no patio.
- Enquisas realizadas a pais/nais, titores/as ou representantes legais do alumnado e profesorado na páxina web do centro co fin de actualizar os datos de toda a comunidade educativa no ano 2023/2024.

A lingua predominante do profesorado no centro educativo é o galego, algúns alumnos e algunhas alumnas son galego falantes, pero sempre tendo en conta que existe unha porcentaxe crecente de alumnado doutros países, especialmente latinoamericanos.

A nivel administrativo utilízase o galego en todas as comunicacións tanto internas como externas. Polo que respecta ao resto da comunidade educativa, hai que dicir que, en xeral, móstrase receptiva e colaboradora con respecto ao proceso normalizador e dinamizador sendo utilizado o galego na maioría do centro.

A normalización do idioma galego na parte administrativa do centro é plenamente satisfactoria. Así se desprende da actitude e práctica que adopta o Equipo Directivo, que traballa neste campo de atención aos integrantes da comunidade educativa en xeral. Aténdese ao público en galego e emprégase o idioma de forma usual en todos os ámbitos e situacións. Os oficios, convocatorias, citacións, certificados, documentos de relación coas familias e coa contorna social, como poden ser a correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados e demais documentos académicos e oficiais están redactados en galego, tal e como corresponde.

Todo tipo de carteis, rótulos, letreiros... que existen no centro están redactados en idioma galego, tanto nas dependencias académicas como naquelas nas que ofertan os diferentes servizos (tamén na lingua estranxeira impartida no centro, a súa maioría).

## **B) SITUACIÓN DO PROFESORADO**

Con respecto ao profesorado do centro podemos dicir que a maioría coñece perfectamente a normativa da Lingua Galega e utilízana sempre co alumnado do centro, tanto nas materias obrigatorias como no resto de actividades que se realizan no mesmo.

A través da observación directa do conxunto de profesorado do centro e as enquisas recadadas polo EDLG, chegouse á conclusión de que no profesorado predomina o galego coma *lingua habitual* nun 41%.






Figura 1: Que lingua empregas habitualmente

En canto á súa **capacitación para empregar o galego na actividade docente**, a ampla maioría (88%) considera ter unha capacitación alta ou moi alta e unha disposición boa ou plena (53%) para facer cursos de reciclaxe e actualización, co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada.




Figura 2: Que capacidade tes para empregar o galego na docencia

De cara á **utilización do galego no ámbito educativo**, consideran o 100% que o ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua e que debería usarse máis en toda Galicia.

Asemade, a **actitude do profesorado cara a normalización social do galego**, un 100% considera que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece; e un 88% que a lingua galega debe ser fomentada socialmente.

O uso do galego é maioritario, deste xeito o emprego da lingua galega por parte do profesorado é habitual nas conversas que mantén coas familias, co alumnado e co persoal non docente. Isto non impide que na linguaxe coloquial o castelán teña tamén a súa presenza derivada das opcións persoais de cadaquén.

### C) SITUACIÓN DO ALUMNADO




Figura 3: Lingua en que aprendeu a falar o neno/a

A maioría do alumnado do centro ten coma **lingua materna** o castelán (53%) a cal é habitualmente utilizada no seu ámbito familiar.

Tamén se constata que, cada vez máis, sobre todo no ámbito escolar, hai unha porcentaxe elevada de alumnado que emprega **indistintamente as dúas linguas** aínda que con predominancia do castelán (48%).




Figura 4: Que lingua fala o seu fillo/a

Débese traballar na mellora da **competencia comunicativa** en galego do alumnado. A pesar de non ser a lingua predominante teñen unha actitude positiva cara a lingua galega e o 80% das familias están plenamente de acordo que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece, considerando o 58% estar completamente de acordo en que as matemáticas pódense aprender en galego.




Figura 5: A adquisición de dúas ou máis linguas enriquece

Compre sinalar ademais a posible incorporación ao centro de alumnado que retorna da emigración ou que inmigra ao noso país, para o que haberá que deseñar estratexias que conduzan a súa plena integración lingüística.

#### D) SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

As variables que se analizan neste punto buscan coñecer cal é a presenza que ten a lingua galega na vida do centro, fóra da que teña nas actividades docentes. Podemos afirmar que existe:

- A presenza da lingua galega na documentación administrativa, nas notas informativas dos taboleiros, na decoración e letreiros do centro.
  - O emprego da lingua galega nas comunicacións escritas coas familias e con outras institucións (concello, outros colexios...).
  - Un aumento na dotación de fondos en galego na biblioteca escolar (libros, revistas, DVD...).

Logo de todas estas afirmacións, chegamos á conclusión de que o noso centro precisa fomentar unha ampla variedade de actividades dirixidas a unha maior participación do alumnado e das súas familias no uso e aprendizaxe da lingua galega.

#### 5. LINGUAS NAS QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Na educación primaria o centro determinou, en cumprimento do indicado no Decreto 79/2010, a seguinte distribución de idiomas e áreas por materia e nivel. Seguindo as indicacións da Administración e a normativa aplicable, o material e libros de texto estarán na mesma lingua na que se imparta a docencia en cada área.

1º CURSO (EN GALEGO)		1º CURSO (EN CASTELÁN)	
Lingua Galega e Literatura.	4 h.	Lingua Castelá e Literatura.	4 h.
Ciencias Sociais.	2 h.	Matemáticas	5 h.
Ciencias da Natureza.	3 h.	Educación Física	2 h.
Educación Plástica e Visual	1 h.	Relixión Católica / Relixión	1 h.
Música e Danza	1 h.	Evanxélica/ Proxecto Competencial	
Total:	<b>11 h.</b>	Total:	<b>12h.</b>
Lingua estranxeira (Inglés)		Total:	<b>2 h.</b>

2º CURSO (EN GALEGO)		2º CURSO (EN CASTELÁN)	
Lingua Galega e Literatura.	4 h.	Lingua Castelá e Literatura.	4 h
Ciencias Sociais.	3 h.	Matemáticas	5 h
Ciencias da Natureza.	2 h.	Educación Física.	2 h
Música e Danza	1 h.		
Relixión Católica / Relixión Evanxélica/ Proxecto Competencial	1 h.		
Educación Plástica e Visual	1h		
Total:		12 h.	Total: 11 h.
Lingua estranxeira (Inglés)		Total: 2 h.	

3º CURSO (EN GALEGO)		3º CURSO (EN CASTELÁN)	
Lingua Galega e Literatura.	4 h.	Lingua Castelá e Literatura.	4 h.
Ciencias Sociais.	2 h.	Matemáticas	4 h.
Ciencias da Natureza.	3 h.	Educación Física.	2 h.
Educación Plástica e Visual	1 h.	Relixión Católica / Relixión Evanxélica/ Proxecto Competencial	1 h.
Música e Danza	1 h.		
Total:		11 h.	Total: 11 h.
Lingua estranxeira (Inglés)		Total: 3 h.	

4º CURSO (EN GALEGO)		4º CURSO (EN CASTELÁN)	
Lingua Galega e Literatura.	4 h.	Lingua Castelá e Literatura.	4 h
Ciencias Sociais.	3 h.	Matemáticas	4 h
Ciencias da Natureza.	2 h.	Educación Física	2 h
Música e danza	1 h.		
Educación Plástica e Visual	1h	Relixión Católica / Relixión Evanxélica/ Proxecto Competencial	1 h
Total:			
Lingua estranxeira (Inglés)		Total: 3 h.	

5º CURSO (EN GALEGO)		5º CURSO (EN CASTELÁN)	
Lingua Galega e Literatura.	4 h.	Lingua Castelá e Literatura.	4 h
Ciencias Sociais.	2 h.	Matemáticas	4 h
Ciencias da Natureza.	3 h.	Educación Física.	2 h
Música e Danza	1 h.	Relixión Católica / Relixión Evanxélica/ Proxecto Competencial	1 h
Total:	10 h.		
Educación Plástica e Visual (Inglés) <i>Sección Bilingüe (Inglés)</i>		1 h.	
Lingua estranxeira (Inglés)		3 h.	
		Total: 4 h.	



6º CURSO (EN GALEGO)		6º CURSO (EN CASTELÁN)	
Lingua Galega e Literatura.	4 h.	Lingua Castelá e Literatura.	4 h
Ciencias Sociais.	2 h.	Matemáticas	4 h
Ciencias da Natureza.	2 h.	Educación Física	2 h
Música e Danza	1 h.		
Relixión Católica / Relixión Evanxélica/ Proxecto Competencial	1 h		
Educación en Valores Cívicos e Éticos	1h		
Total:	11 h.	Total:	10h
E. Plástica e Visual: Plástica (Inglés) <i>Sección Bilingüe (Inglés)</i>		1 h.	
Lingua estranxeira (Inglés)		3 h.	
		Total:	4 h.

## 6. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO

Nos casos nos que un alumno/a non teña o suficiente dominio lingüístico nas linguas oficiais levaranse a cabo unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a correcta competencia lingüística. Farase unha avaliación inicial da competencia lingüística do alumnado cando chegue ao centro, e contarase coa colaboración das familias, que serán informadas puntualmente, e demais membros do Equipo de Nivel.

No plano organizativo, teremos en conta os seguintes criterios:

- ⑩ A incorporación dun alumno que procede do estranxeiro adoita ir precedido dunhas connotacións especiais que non se dan no caso da incorporación doutro tipo de alumnado (atópase cun novo lugar de residencia, cultura, costumes, lingua...). A súa chegada, cada día máis frecuente e variada, fai necesario establecer unha serie de medidas de atención específicas axeitadas as súas necesidades.
- ⑩ Hai que ter en conta unha serie de aspectos relacionados ás circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.
- ⑩ Despois de realizar todo o proceso administrativo correspondente e tomar as decisión oportunas sobre a escolarización do alumno, é preciso pensar nas liñas de actuación, actividades, modos de organización e actitudes máis axeitadas para levar a cabo a integración e o traballo de aula.

Por outra parte, entendemos que deberemos traballar os aspectos máis formais na primeira lingua, centrándonos máis na oralidade e nos aspectos máis informais e funcionais nas outras linguas. Isto suporá:

- Dar maior importancia ás destrezas orais.
- Utilización de textos da vida cotiá
- Intentar que sempre estea presente o enfoque comunicativo
- Integrar a utilización das TIC nas tarefas habituais.

Utilizarase como lingua vehicular o galego ou o castelán en función da que resulte máis próxima ou que represente unha menor dificultade para o uso no ámbito familiar. A decisión adoptarase consultado coa familia e de acordo coa mesma.

No relativo á **Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro** según o regulado na **Orde do 8 de setembro de 2021** o alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar:

- ⑩ Este alumnado poderá, se ten unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, participar nun grupo de adquisición de linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular se presenta, respectivamente, descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular de dous cursos ou máis con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- ⑩ A escolarización do alumnado procedente do estranxeiro realizarase segundo o procedemento establecido na normativa que regula a admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos.
- ⑩ No momento da incorporación da alumna ou do alumno ao sistema educativo farase a avaliación inicial, que, de considerarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfasamento curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfasamento.

## **7. OBXECTIVOS XERAIS**

Os obxectivos propostos neste PLC estarán dirixidos a que o alumnado adquira unha competencia comunicativa na lingua galega e a que non teñan prexuízos para a súa

utilización. Ao mesmo tempo, os obxectivos perseguirán a consolidación e a extensión do uso do galego nas actividades xerais do centro. Como o alumnado ten xa maioritariamente o castelán como lingua familiar, o mantemento da lingua familiar non precisará de atención especial, pois xa se ve favorecido pola presenza e prestixio do castelán na sociedade.

Atendendo a cada un dos sectores da Comunidade Educativa, establecemos os seguintes obxectivos para este Proxecto Lingüístico de Centro:

#### 🔗 CONTORNO LINGÜÍSTICO DO CENTRO:

1. Coordinar a programación de actividades co Servizo de Normalización Lingüística do Concello.
2. Colaborar con outros centros educativos do Concello, Anpa e outros organismos en prol da Lingua Galega.
3. Solicitar da Administración Educativa liñas de axuda para a promoción do galego.
4. Traballar en prol dunha escola integrada no seu contorno cultural e lingüístico.

#### 🔗 ÁMBITO LINGÜÍSTICO DO CENTRO:

1. Fomentar e impulsar o uso oral e escrito do galego en todas as actividades do centro.
2. Traballar na normalización do galego na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa.
3. Asesorar á comunidade educativa para mellorar a súa competencia lingüística en galego.
4. Colaborar co Equipo da Biblioteca, de Actividades Extraescolares e Complementarias na preparación e no desenvolvemento do proxecto do centro, das festas tradicionais, na realización de exposicións, xogos..., para dar a coñecer aspectos propios da nosa cultura e tradicións como son: o Samaín, o Entroido..., e outras actividades do centro.
5. Usar e fomentar a presenza das novas tecnoloxías como instrumento para a comunicación e a difusión das actividades en prol da Lingua Galega.

#### 🔗 ÁMBITO DO PROFESORADO:



1. Concienciar ao profesorado para que trate de descubrir e eliminar no alumnado calquera tipo de prexuízo lingüístico.
2. Implicar a todo o profesorado do centro no proceso de normalización e dinamización lingüística.
3. Facilitar ao profesorado o material e a información que este demande.
4. Colaborar con outros grupos docentes do centro (Comisión de Coordinación Pedagóxica, Ciclos, Actividades Complementarias...) co fin de que se teña en conta a Cultura e a Lingua Galega para levar a cabo actividades colectivas, así como para recoller propostas e iniciativas tanto a nivel individual como procedentes dos distintos grupos.
5. Dar prioridade no ensino do galego á expresión, reforzando a súa dimensión comunicativa e dándolle énfase á oralidade.
6. Tentar integrar a planificación lingüística do centro en todos aqueles proxectos e plans que os diferentes equipos docentes desenvolvan: proxecto lector, plan das TIC ou proxectos a desenvolver a nivel centro.
7. Colaborar cos Equipos de Dinamización da Lingua Galega doutros centros ou institucións para compartir materiais, experiencias e actividades.

#### 🔗 **ÁMBITO DO ALUMNADO:**

1. Crear no alumnado actitudes positivas cara a propia lingua, desterrando calquera tipo de prexuízo lingüístico do seu entorno familiar ou social.
2. Promover o uso do galego entre alumnos e alumnas así como destes cos profesores/as nos recreos, nas actividades extraescolares, nos servicios educativos de conciliación (madrugadores, comedor e ludoteca).
3. Aproveitar os coñecementos lingüísticos das nenas e nenos galegofalantes, de xeito que sirvan de modelo e apoio aos outros falantes. Tamén con outros idiomas.
4. Adquirir vocabulario en lingua galega.
5. Investigar o pasado sociolingüístico familiar no caso de familias galegas.
6. Coñecer situacións lingüísticas semellantes nos países de orixe dos nenos e nenas de fóra.
7. Investigar a orixe dos apelidos, a toponimia dos lugares significativos para eles...

8. Fomentar e facilitar a lectura de libros en galego a través da biblioteca de aula e da biblioteca do centro.
9. Incentivar a composición escrita en lingua galega a través dos contos, cómics, redaccións...
10. Estimular a busca de información por distintas canles (biblioteca, avós, pais, internet...) de aspectos relacionados co Patrimonio, Cultura, Historia e Etnografía do pobo galego, para promover o coñecemento da realidade galega.
11. Facilitar a asistencia ao centro de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e persoeiros relevantes da escena pública que promovan a lingua e cultura galegas motivando e concienciando así ao alumnado no emprego da mesma.
12. Concienciar e potenciar no alumnado que cando un relator, escritor ou ilustrador se dirixan a eles en galego utilicen esta lingua para falar co seu interlocutor.
13. Garantir unha oferta de materiais didácticos en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe.
14. Estudar as tradicións populares galegas, como parte da nosa cultura.

#### **🔗 ÁMBITO DAS FAMILIAS:**

1. Concienciar ás familias das vantaxes de aprender linguas.
2. Redefinir que é o plurilingüismo.
3. Explicar os procesos de adquisición de varias linguas.
4. Dar a coñecer situacións, persoeiros e experiencias que rachen os prexuízos.
5. Convencer ás familias para que os fillos lles axuden no coñecemento do galego (galegofalantes: aprender normativa; de fóra: aprender galego...).
6. Promover un ambiente cálido nas titorías que nos leve ao achegamento entre diferentes posturas cara a aprendizaxe da nosa lingua.

### **8. LIÑAS DE ACTUACIÓN**

#### **A) DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)**

- Coordinar as diversas actividades.
- Planificar a secuenciación do traballo.
- Establecer relacións entre o traballo e as distintas materias do currículo.

- Colaborar na elaboración de unidades didácticas referentes ás celebracións de festas populares que figuran na Programación Xeral Anual do Centro, así como busca de músicas a para as distintas celebracións (Magosto, Nadal, Paz, Entroido, Semana das Letras Galegas, etc.)
- Facer novas adquisicións de material bibliográfico, software, libros... Despois, inventarialo, para incrementar os fondos da Biblioteca de Normalización do centro.
- Convocatoria do concurso de postais do Nadal coa que se felicitará ás familias e institucións.
- Seguimento e avaliación do proceso que será reflectido na memoria final.

### **C) DO PROFESORADO E ALUMNADO:**

- Motivar ao alumnado cara a participación nas distintas actividades programadas.
- Revisión e selección dos traballos realizados polas alumnas e alumnos do centro.
- Colaboración na elaboración da memoria final. Valoración da devandita memoria.
- Trátase de reflectir todas as actividades, inquedanzas ou eventos máis significativos dentro da nosa comunidade educativa.
- Actividades de dinamización lingüística.
- Organizar exposicións relacionadas coa cultura galega: fotografías, viñetas, cómics, documentos, etc.
- Traballos de campo de recollida de datos: refráns, contos, receitas, etc.
- Participación no concurso de xogos do Magosto.
- Organización das actividades a realizar na Semana da Letras Galegas.
- Realización de debuxos con aplicacións de debuxo con software libre ca interface en galego Tux Paint.

### **C) DO EQUIPO DE REDACCIÓN**

- Recollida do material aportado polos diferentes niveis, para concursos, exposicións, publicacións da revista, etc.
- Selección, deseño, clasificación e publicación dos traballos.
- Montaxe, impresión e distribución do material en toda a comunidade educativa.
- Montaxe da exposición co gallo da Semana das Letras Galegas.
- Divulgación da vida e obra do autor homenaxeado de cada ano.

### **ACTIVIDADES**

Agrupámolas en diferentes **BLOQUES**:

### ○ **BLOQUE 1: RECUPERAR AS NOSAS TRADICIÓNS**

Transmitir a importancia da nosa cultura, os nosos costumes e as nosas tradicións ao alumnado do noso colexio é un dos obxectivos do noso proxecto.

- **SAMAÍN**: a finais de outubro os nenos e nenas participarán na celebración do Samaín. Dende o equipo elaborárase una unidade didáctica para traballar nas aulas explicando esta tradición.
- **OS MAIOS**: esta tradición, máis de Ourense que da zona da Coruña, é en gran medida descoñecida polos nosos alumnos/as. Farase una exposición na entrada do colexio de murais e fotografías explicando esta peculiar tradición.

### ○ **BLOQUE 2: “O MAGOSTO”**

Como todos os cursos **celebramos o magosto**, asaremos e comeremos castañas, faremos unha exposición de figuras, debuxos, bonecos... feitos con castañas.

Ademais, teremos a celebración de xogos populares e xogos con castañas publicados e titulados en lingua galega, e sobre todo pensados para favorecer a relación entre o alumnado a través do xogo. Elixindo uns 4-5 xogos infantís tradicionais de Galicia.

- **Responsables**: Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e o EDLG.
- **Temporalización**: Durante a 2º semana de Novembro, coincidindo co San Martiño.

### ○ **BLOQUE 3: CONCURSO DE POSTAIS DO NADAL**

Como todos os anos por estas datas, o EDLG en colaboración co Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares e co Equipo de Biblioteca organizará un concurso de Postais do Nadal dirixido a todo o alumnado do centro. Establécense dúas categorías:

- A.** Educación Infantil
- B.** Educación Primaria (por ciclos)

Farase unha selección dos traballos e a mellor de cara categoría figurará na contraportada e portada do programa do festival de Nadal onde se incluírá unha felicitación. Todas as tarxetas serán expostas nos taboleiros habilitados nos corredores do centro. Ademais,

ofrécese a posibilidade de facer un intercambio posterior destas postais con outro centro educativo da contorna.

#### **O BLOQUE 4: ESPECIAL LETRAS GALEGAS**

Como todos os anos o EDLG elaborará un cartafol coa vida e obra do autor homenaxeado, así como diferentes actividades a realizar nos diferentes niveis.

Farase tamén un tríptico coa vida e obra do autor para repartir entre todo o alumnado do centro, así como diferentes carteis e murais; organizar exposicións relacionadas coa cultura galega: fotografías, viñetas humorísticas, documentos, etc.

Promover encontros, debates e organizar conferencias relacionadas coa nosa cultura galega, palabras típicas... Tamén, contaremos coas visitas de varios autores de libros, contacontos, etc.

#### **O BLOQUE 5: AXUDA Á DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA DO CENTRO**

Colaboración coa Biblioteca do centro en todas as súas actividades, coa finalidade de seguir incentivando a lectura, realizando consultas sobre os libros máis lidos, impresións sobre temas, autores ou novas relativas á lingua, información sobre novos materiais, etc. Ademais, axudarase nas diferentes actividades organizadas no seu entorno: día do libro, exposicións e outras organizadas por ciclos, fomentando sempre a lectura de libros en galego.

Difusión do material da biblioteca, promoción dun autor, divulgación periódica das novidades que se vaian adquirindo, exposición de libros, realización de encontros con escritores e celebración no centro das datas significativas relacionadas co libro e a lectura.

#### **→ Educación Infantil:**

- Adquisición dun vocabulario axeitado para expresarse correctamente.
- Aproximación á linguaxe escrita recoñecendo algunhas letras e símbolos.
- Espertar no alumnado interese polos contos que len ou que lle contan os adultos.
- Valoración da linguaxe oral como medio para comunicar sentimentos, experiencias e desexos a través das conversas e dos diálogos.
- Memorizar cancións, poesías, refráns... en galego.

- Realizar debuxos que fagan referencia a actividade anterior.

➔ **Educación Primaria:**

- Repaso de técnicas básicas de lectura e escritura.
  - Lectura de contos adaptados a súa idade.
  - Participación en diversos concursos relacionados coa de lectura.
  - Traballando a lectura nas aulas e na Biblioteca, lendo en voz alta e corrixindo a pronunciación e a entoación, tamén faise lectura comprensiva en todas as áreas facendo pequenos comentarios do lido.
  - Iniciación na busca de información, coñecemento de tradicións, historias, etc.
- ❖ **“Exposición de libros”**. Faremos exposicións de animación á lectura na entrada do colexio, de libros relacionados con diversos temas. A exposición é variada, con libros para distintas idades, expostos durante semanas para que os nenos/as os vexan, manipulen e os leven para ler... Os murais e carteis que acompañan a cada exposición son en galego.
- Destinatarios: O alumnado
  - Responsables: O equipo de biblioteca o EDLG
  - Temporalización: Ao longo do curso

A biblioteca permanece aberta durante a mañá e tamén polas tardes para aquel alumnado que desexe ler.

## ○ BLOQUE 6: ELABORACIÓN DE MURAI E CARTEIS PARA EXPOSICIÓN

Para a celebración das distintas conmemoracións do centro, elabóranse diferentes carteis e murais que serán expostos polos corredores do centro: Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Letras Galegas, entre outras que xurdan; traballos de campo de recollida de datos como refráns, contos, toponimia, receitas ou alcumes; traballos de recuperación etnográfica ou trípticos.

## ○ BLOQUE 7: COLABORACIÓN CO DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Celebración do Magosto, preparación do Nadal, Entroido, Letras Galegas. Ademais axudarase na conmemoración doutras actividades a realizar segundo o calendario escolar: Dereitos humanos; Día da Paz; Día da Muller traballadora; Semana da Prensa; Día do Libro; Día mundial da saúde; Día mundial do medio ambiente...

Para todas estas celebracións e outras que se organicen, o EDLG preparará pequenos informes, comunicacións, unidades didácticas e diferentes actividades, coa información dos temas a celebrar, e entregárase unha copia a cada Coordinador/a de Educación Infantil e Primaria así como aos Titores e Titoras, para traballar nas súas titorías.

#### ○ BLOQUE 8: POTENCIAR O USO DO GALEGO ORAL E ESCRITO NO CENTRO.

❖ **“Galeguizamos o centro”**: elaboración de carteis e murais con imaxes e slogans para difundir as normas do centro, comedor, biblioteca. Estes carteis serán elaborados nas clases utilizando como fonte de información a biblioteca e as TICS.

- Destinatarios: O centro
- Responsables: Equipo de biblioteca, Coordinadora do Plan de Convivencia, titores e o EDLG.
- Temporalización: Durante todo o curso.

❖ **“A traballar en galego”**: As actividades complementarias ao centro para celebrar as distintas conmemoracións como son: O Magosto, Día da Constitución, o Entroido, o festival de Nadal, Día da Paz, Día da Muller Traballadora, Día do Libro... Serán realizadas en galego a nivel de centro, potenciando o seu desenvolvemento na nosa lingua a nivel de aula.

- Destinatarios: Toda a comunidade educativa e a familia
- Responsables: O equipo de normalización e dinamización lingüística.
- Temporalización: Durante o curso escolar.

#### ○ BLOQUE 9: PROCURAR AUMENTAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA E IMPLICACIÓN DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA.

❖ **“A nosa cultura”**: Recompilación de lendas, refráns, adiviñas, cantigas....Trátase de conseguir que o alumnado traia ao centro algunha receita, lenda, refrán, adiviña...da nosa cultura tradicional. O alumno/a contará ao resto dos compañeiros/as o seu traballo,

que o escoitarán con entusiasmo e despois comentarán todos xuntos co mestre/a. Estas lendas, xa traballadas, serán entregadas ao coordinador de Normalización Lingüística.

- Destinatarios: Toda a comunidade educativa
- Responsables: Os titores e EDLG.
- Temporalización: Todo o curso escolar.

## 9. CRITERIOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO

Anualmente elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico no cal consten os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de educación infantil para poder obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

Neste PLC infórmase dos cambios na docencia de materias en lingua estranxeira aprobados polo centro e farase unha valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

Para a realización desta valoración teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de implicación dos membros da comunidade educativa.
- Análise dos materiais e recursos empregados.
- Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.
- Incidencia do proxecto na comunidade educativa.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2023

**Vº e Prace do Director**

Samuel Busto Casal



**Coordinador do EDLG**

David Vilela Martínez